

INSTRUCCIÓN 10/2012 DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE MATRÍCULA PARA O TRABALLO DE FIN DE GRAO

As *Liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007*, establecen que o Traballo de Fin de Grao (TFG) terá entre 6 e 30 créditos e só poderá matricularse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

Dadas as dúbidas que este precepto subscita a efectos de matrícula, sobretudo tendo en conta que existen titulacións de diferente duración, é necesario ditar unha interpretación da mesma que sexa aplicable a todas as titulacións de grao con independencia do número de anos que se cursen e que sexa flexible e que permita matricularse ao maior número de alumnos para que podan rematar os estudos sen esperar un curso académico completo con unha única disciplina.

Por todo o anterior, procede ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA.- INTERPRETACIÓN DO ESTABLECIDO NAS LIÑAS XERAIS
O establecido nas *Liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007*, no senso de que só poderá inscribirse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación deberá entenderse que o alumnado deberá ter superado o 50% dos ECTS da titulación que estea cursando.

SEGUNDA.- MATRICULA EN TFG

Os estudantes poderán matricularse no Traballo de Fin de Grao cando lle resten, ao principio do curso, como máximo 75 créditos (incluídos os que corresponden ao TFG) ou o número máximo de créditos que lle permita matricular a convocatoria de matrícula para completar os estudos, con independencia do curso ao que pertenzan.

TERCEIRA.- ALUMNOS QUE NON REUNAN AS CONDICIÓNS PARA PRESENTAR O TFG

O alumnado que no curso académico no que estea matriculado do TFG non reúna os requisitos para poder presentalo poderá solicitar a renuncia da convocatoria.

Santiago de Compostela, 25/10/2012



A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro